

EMOCIÓN EN ESTUDANTES DE ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO EN RELACIÓN COAS CIENCIAS, MATEMÁTICAS E TECNOLOXÍA

ESTÉVEZ, ALBERTO; FERREIRA, MIGUEL; FRAGA, JOSE ANTONIO; MEMBIELA, PEDRO

*Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.
Universidade de Vigo*

RESUMO

Realizouse unha investigación con 352 estudantes de sete centros de secundaria sobre a relación entre emocións con variables asociadas á motivación, compromiso e benestar coa aprendizaxe das ciencias, matemáticas e tecnoloxía. Nos resultados destaca a importancia da relación das emocións coa motivación, o compromiso e o benestar na aprendizaxe das ciencias, matemáticas e tecnoloxía.

PALABRAS CHAVE

Emocións, estudantes de secundaria obrigatoria, aprendizaxe das ciencias, matemáticas e tecnoloxía.

INTRODUCCIÓN

As emocións están omnipresentes na configuración de resultados académicos. Os estudantes poden sentirse orgullosos das boas cualificacións, preocupáilles non entender o material do curso, se anoxan cun profesor que os trata inxustamente ou se senten aburridos cando tratan un tema no que non están interesados. Malia a diversidade de emocións que os estudantes experimentan nas súas clases a diario (Pekrun, Goetz, Titz e Perry, 2002), a investigación sobre diferentes emocións académicas vai emerxendo lentamente. Isto é especialmente desconcertante porque as emocións teñen un gran impacto na motivación, a aprendizaxe e o rendemento dos estudantes, así como na súa saúde e benestar (Pekrun, 2006).

Dada a relativa escaseza de investigacións dispoñibles sobre as emocións dos estudantes na aprendizaxe das ciencias, matemáticas e tecnoloxía, os principais obxectivos foron coñecer como as emocións dos estudantes poden verse afectadas por outras dimensións dos procesos do aula tales como motivación, compromiso e benestar.

METODOLOXÍA

A investigación realizouse con 352 estudantes de seis centros de educación secundaria obrigatoria (2º a 4º curso) con idade comprendida entre 12 e 18 anos. Estivo centrada nas percepcións de dimensións relacionadas coa motivación (relevancia persoal, motivación intrínseca, auto-eficacia, auto-determinación), as emocións (aburrimiento, desesperanza, ansiedade, desfrute), o compromiso (vigor, dedicación, absorción) e o benestar (auto-estima, funcionamento na escola) en relación coa aprendizaxe das ciencias, matemáticas e tecnoloxía.

RESULTADOS

1) Hai numerosas correlacións significativas (Ver Táboa 1) entre emocións e dimensións asociadas á motivación, o compromiso e o benestar neste grupo de estudantes de secundaria obrigatoria de ciencias, matemáticas e tecnoloxía.

2) Destacan fortes correlacións (>0,5) positivas do desfrute con dimensións asociadas á motivación (relevancia persoal, motivación intrínseca), ao compromiso (vigor, dedicación) e ao benestar (funcionamento diario na escola). Tamén as correlacións negativas do aburrimiento con dimensións asociadas á motivación (motivación intrínseca), ao compromiso (vigor, dedicación) e ao benestar (funcionamento diario na escola).

3) Hai correlacións positivas do desfrute coas variables estudadas que son todas positivas, e negativas destas co aburrimiento, a desesperanza e a ansiedade.

Táboa 1.- Correlacións significativas das emocións con outras dimensións $\geq .072$, significativo a $p < .05$, $r > .082$, significativo a $p < .01$

00 Correlacións	Aburrimiento	Desesperanza	Ansiedade	Desfrute
01 Materia	-0,029	-0,053	-0,037	-0,004
02 Centro	-0,040	-0,050	-0,054	-0,004
03 Curso	-0,038	0,047	-0,013	0,025
04 Xénero	-0,038	-0,023	-0,059	-0,015
05 Idade	-0,003	0,118	0,011	-0,067
06 Cualificación	-0,072	-0,166	-0,077	0,169
11 Relevancia persoal	-0,437	-0,279	-0,121	0,520
12 Motivación intrínseca	-0,543	-0,406	-0,212	0,652
14 Auto-eficacia	-0,316	-0,385	-0,246	0,449
15 Auto-determinación	-0,347	-0,297	-0,091	0,448
31 Vigor	-0,513	-0,379	-0,212	0,599
32 Dedicación	-0,530	-0,404	-0,184	0,665
33 Absorción	-0,366	-0,274	-0,135	0,466
43 Auto-estima	-0,373	-0,343	-0,283	0,494
46 Funcionamento na escola	-0,507	-0,413	-0,258	0,624

DISCUSIÓN E CONCLUSIÓNS

Intentando predicir as emocións de estudantes de secundaria en relación coa aprendizaxe das ciencias, matemáticas e tecnoloxía, destacan certas variables que protexen fronte ao aburrimiento, a desesperanza e a ansiedade, e as que promoven o desfrute. Singularmente as que teñen un efecto combinado, tal como ocorre en maior ou menor grado coas estudadas de motivación, compromiso e benestar coa aprendizaxe das ciencias, matemáticas e tecnoloxía.

REFERENCIAS

- Pekrun, R., Goetz, T., Titz, W. e Perry, R.P. (2002). Academic emotions in students' self-regulated learning and achievement: A program of qualitative and quantitative research. *Educational Psychologist*, 37, 91–106.
- Pekrun, R. (2006). The control-value theory of achievement emotions: Assumptions, corollaries, and implications for educational research and practice. *Educational Psychology Review*, 18, 315–341.